

DECLARACIÓN CONXUNTA DAS COOPERACIÓNS DESCENTRALIZADAS FRONTE Á CRISE DO COVID-19

DA CRISE SÁESE COOPERANDO

A cooperación descentralizada para o desenvolvemento -aquela que realizamos as administracións subestatais- leva **máis de 30 anos transformado as vidas** e as miradas de moitas persoas e comunidades tanto en territorios e países empobrecidos como na nosa contorna próxima. E fíxoo cimentando unha colaboración sólida entre institucións públicas a todos os niveis e organizacións sociais, así como promovendo a formación dunha cidadanía responsable e comprometida cos retos globais.

A emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19 modificou radicalmente os modos de vida e as relacións sociais, tanto a nivel local como global. Puxo en cuestión, novamente, un sistema socio económico e de gobernanza incapaz de dar respostas ás necesidades de todas as persoas, e que puxo ao límite o planeta. Por iso, é evidente que a cooperación e a colaboración son imprescindibles. **Ou saímos xuntos da crise ou non saímos.**

Neste marco, hoxe día 25 de maio, os representantes das **17 comunidades autónomas e a Confederación de Fondos de Cooperación**, independentemente da nosa cor política e reforzando a aposta polo consenso que debe acompañar á política de cooperación para o desenvolvemento, presentamos esta declaración conxunta sobre oportunidades, retos e propostas imprescindibles para promover o desenvolvemento sustentable nun mundo complexo, cambiante e interdependente, **que sitúe no centro o benestar e unha vida digna para todas as persoas e as futuras xeracións.**

A partir das nosas experiencias, das nosas aprendizaxes e das reflexións conxuntas, compartimos as seguintes propostas para tomar decisións a partir de agora:

1. **Equilibremos o urxente e o importante.** O estado de emerxencia en que vivimos pódenos levar a centrar os nosos esforzos no máis urxente e inmediato: a emerxencia a curto prazo nos ámbitos de saúde, recuperación económica, protección social, etc. A gravidade da situación obríganos priorizar tamén aspectos a medio e longo prazo, como a revalorización dos bens públicos globais, as consecuencias do cambio climático, as causas das grandes migracións e de millóns de persoas refuxiadas, etc., onde a perspectiva multinivel é clave para xestionalos.
2. **Apostemos agora máis que nunca pola localización da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable.** A crise do COVID-19 puxo de manifesto a interdependencia xeográfica e entre os diversos ámbitos do desenvolvemento: saúde, economía, protección social, medio ambiente, etc. A visión comprensiva da Axenda 2030 ofrécenos unha oportunidade para afrontar unha crise como a actual: abordar os desafíos existentes desde unha perspectiva local-global, coordinada e

complementaria. A Axenda 2030 é unha oportunidade desde un enfoque de dereitos humanos, tanto no noso territorio como no plano internacional.

3. **Avancemos na sustentabilidade.** A pandemia tamén puxo de relevo a gravidade do cambio climático e a necesaria preservación da biodiversidade; demostrou que a saúde, a economía e o medio ambiente están interrelacionados. Avogamos por que as medidas para a saída da crise afronten de maneira decidida os problemas asociados á crise ambiental. Así mesmo, desde o acompañamento que facemos a diversos pobos orixinarios, apostamos por aprender da súa comprensión, relación e respecto á contorna natural.
4. **Defendamos os dereitos humanos.** Existe a preocupación de que nesta crise se normalicen e profunden accións de control, represión e persecución. Por iso, seguimos apostando pola protección de persoas, organizacións, comunidades e redes defensoras de dereitos humanos **a nivel internacional**, para garantirles espazos de vida e traballo máis seguros, así como polo fortalecemento da democracia e a participación, a liberdade de expresión e de medios de comunicación
5. **Revaloricemos o ben común e a participación.** A crise do COVID-19 puxo en evidencia a importancia de reforzar o público. Xunto á atención sanitaria puxéronse de manifesto a necesidade de establecer políticas públicas que garantan o acceso á educación de calidade, así como os servizos sociais, ambientais, culturais, etc. A construción do público non é tarefa exclusiva da Administración. É necesario xerar consensos sociais amplos, que integren ao máximo de actores. É por iso que apostamos polo fortalecemento entre pares, con administracións locais e rexionais do sur, pola súa proximidade á cidadanía. Así mesmo, seguimos apostando polo fortalecemento da sociedade civil organizada para que participe no deseño, xestión e avaliación das políticas públicas, xa que desde a súa proximidade ás poboacións máis vulnerables poden garantir a defensa dos seus dereitos e que ninguén quede atrás.
6. **Unamos esforzos para impulsar o enfoque de xénero, o empoderamento das mulleres e evitar retrocesos no exercicio dos seus dereitos.** A resposta á pandemia puxo de relevancia a achega fundamental das mulleres, e valorouse positivamente o afrontamento da crise dos países con liderados femininos. Pero a crise tamén ten afectacións específicas para as mulleres, debido ao incremento da violencia de xénero en contexto de confinamento, a maior dificultade de acceso ao mercado laboral, etc. O reforzo das políticas de xénero, a transversalización en todas as políticas e accións, e o empoderamento das mulleres e a defensa dos seus dereitos vai seguir sendo unha prioridade para a cooperación descentralizada.
7. **Reforcemos unha educación para a transformación social.** Nesta situación, a sociedade é máis consciente da vulnerabilidade das persoas e da necesidade de colaborar conxuntamente. Unha oportunidade para potenciar a formación dunha cidadanía con capacidade crítica, que mira á contorna cun enfoque de interdependencia e de corresponsabilidade nos problemas mundiais, que nos afectan a todas as persoas; e para garantir a transparencia, o acceso á información, a análise dos datos, saber desvelar e facer fronte ás informacións falsas, os prexuízos e o

racismo, así como propostas de comunicación propias nas que a cidadanía sexa protagonista.

8. **Impulemos a coherencia de políticas para o desenvolvemento sustentable.** O proceso de reconstrución post-COVID-19 ábreunos unha nova oportunidade para revisar as nosas políticas económicas, sociais, educativas, culturais, urbanas, etc. desde a centralidade das persoas, os dereitos humanos, os límites ecolóxicos e atendendo ás xeracións futuras. A coherencia de políticas para o desenvolvemento é agora máis necesaria que nunca. A Administración debe xogar un papel tractor como impulsora de novos hábitos, desde a contratación pública, os requisitos para acceder a subvencións, etc.
9. **Axilicemos compartir coñecementos en base á experiencia acumulada.** O COVID-19 puxo en evidencia un sistema socio económico que non dá resposta ás necesidades de todas as persoas e que está a poñer ao límite os recursos do planeta. Fronte a iso, contamos con experiencias de cooperación nas que xa se está a traballar para buscar modelos alternativos reais de produción, consumo, coidados, relación coa natureza, etc. Compartir esta experiencia cobra relevancia á hora de afrontar o futuro e establecer medidas para a reactivación e a reconstrución. É necesario fortalecer os mecanismos de xestión do coñecemento, tamén de forma bilateral: aprender experimentando e xerar aprendizaxes do realizado; aprender das persoas, dos colectivos, pero tamén da natureza; fortalecer os centros de estudo e investigación en materia de cooperación e desenvolvemento; así como promover alianzas que faciliten a transferencia de coñecementos e os avances da ciencia para o desenvolvemento.
10. **Poñamos a ciencia, a investigación e as tecnoloxías dixitais ao servizo do ben común.** A crise do coronavirus está a cambiar moitos dos nosos hábitos: a organización do traballo, o deseño do espazo doméstico e público, o sistema de ensino, os medios e hábitos de transporte locais e internacionais, etc. As tecnoloxías dixitais e da información teñen un rol central nestas transformacións e por iso debemos garantir a súa accesibilidade e bo uso para todas as persoas; aplicar a innovación tecnolóxica para resolver problemas, así como investir máis en ciencia e investigación; mellorar as estratexias para a democratización do coñecemento e a redución das brechas, tamén a dixital.
11. **Xeremos alianzas entre actores diversos.** O obxectivo de “non deixar a ninguén atrás” da Axenda 2030 precisa do compromiso, colaboración e coordinación de todos os actores: organismos multilaterais, gobernos centrais, rexionais e locais, sociedade civil organizada, sector académico, sector privado, cidadanía, etc. Apostamos polo fortalecemento de capacidades, a articulación entre actores, a coordinación e a complementariedade de especialidades e saberes, e o impulso de redes globais con aterraxe local. Queremos traballar de maneira colaborativa con obxectivos comúns claros e compartidos. Impulsar alianzas e espazos de colaboración e corresponsabilidade horizontal para a xeración de capacidades é unha das sinais de identidade da cooperación descentralizada.

12. **Profundemos na aposta polas dinámicas e as iniciativas locais.** A crise tamén demostrou a importancia da localización. Os axentes e dinámicas de solidariedade locais foron fundamentais na resposta á pandemia en cada territorio. O sentido de comunidade e confianza mutua é máis fácil no espazo local. Desde a cooperación descentralizada seguimos apostando polo local en todos os sentidos: desde o fortalecemento técnico e institucional das institucións locais e rexionais, a adaptación aos saberes e formas de facer propias, o desenvolvemento de contornas produtivas sustentables, seguros e resilientes ou o apoio a propostas cidadás locais.
13. **Reafirmemos o noso compromiso co financiamento do desenvolvemento global.** Escoitamos estes días que non é momento da austeridade, senón dos investimentos que axudarán a superar a crise, tanto a nivel local como global. A solidariedade internacional é unha responsabilidade compartida imprescindible para garantir o futuro do planeta. Exporemos consensos sociais e políticos para asegurar os recursos necesarios para superar as necesidades e os retos locais e globais.
14. **Xestionemos os recursos con transparencia e rendamos contas.** Apostamos por fortalecer a transparencia e rendición de contas nos procesos de toma de decisións, na xestión dos recursos e na comunicación dos resultados; así como o fortalecemento das capacidades da sociedade civil para facer seguimento e control das políticas públicas con rigor e responsabilidade.

O COVID-19 impactou nas sociedades de forma contundente e acelerará unha transformación global a todos os niveis, económicos, sociais e políticos. Desde a cooperación defendemos os principios democráticos fundamentais para garantir os dereitos humanos de todas as persoas, especialmente as máis vulnerables, a xustiza, o desenvolvemento individual e colectivo, o respecto polo medio ambiente e a paz. Por iso as comunidades autónomas e entes locais apostamos por consolidar alianzas e consensos políticos e sociais que permitan á cooperación continuar investindo e contribuindo **a garantir un presente e un futuro sen deixar a ninguén atrás.**

Porque da crise sáese cooperando.